



PLAN DIGITAL

CEIP Plurilingüe Quintela

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP PLURILINGÜE QUINTELA			Código do centro: 36018410		
Enderezo: Camiño do colexio, Nº7			Localidade: Quintela		
Código Postal. 36817	Concello: Redondela	Provincia: Pontevedra	Teléfono: 886110654		
Dirección web: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquintela/			Correo electrónico: ceip.quintela.redondela@edu.xunta.gal		

Datos profesorado:

Postos de traballo	EI	EP	FI	FF	EM	EF	REL	PT	AL	OR	TOT
Docentes no curso 2021/22	3	5	1	1	1	1	1	1	1	1	16

Datos alumnado:

CURSO 2021/2022

4º EI	10
5º EI	12
6º EI	11
1º EP	9
2º EP	6
3º EP	12
4º EP	16
5º EP	10
6º EP	17
	CURSO 2021/2022
EI	33
EP	70
TOTAL	103

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe Quintela está situado a 2,5 Km da vila de Redondela. A maioría do seu alumnado procede das parroquias de Quintela e Saxamonde, e

tamén hai unha parte dos alumnos/as que proceden do casco urbano de Redondela e doutras parroquias de Redondela.

Do alumnado é importante destacar a súa procedencia, que é case todos/as proceden das diferentes zonas de escolarización. O seu nivel socio económico é medio.

A maioría do noso alumnado vive cos seus proxenitores e tamén moitos conviven cós seus avós na mesma unidade familiar.

O alumnado non é conflictivo e o seu rendemento académico é satisfactorio. Non existe absentismo escolar. As relacións entre o alumnado son boas tanto entre eles coma co profesorado. O alumnado, de forma xeral, responde ben a motivación académica participando nas actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro educativo.

Para traballar certos ámbitos nos que se desenvolve o contexto educativo, no CEIP Plurilingüe Quintela xurdiron unha serie de Programas de innovación educativa como son: o PLAMBE (Plan de Mellora da Biblioteca Escolar), o Programa de Auxiliares de Conversa (como programa complementario de apoio e colaboración de profesorado nativo para posibilitar a práctica da conversa oral, proporcionar un modelo de corrección lingüística e achegar o alumnado e profesorado á cultura do seu país) e os programas PDC (xogade), Vexo Veo Xacobeo todos eles dentro do Plans Proxecta, Recupérate (Arco), formando parte o centro da rede de centros Plurilingües dende o curso 18/19.

Neste curso escolar o centro educativo participa na formación de profesorado en centros (PFPP) a través de 2 grupos de traballo, un relacionado co Plan Dixital e outro cós patios inclusivos.

Para o curso 2022/23 o centro incorpórase a proxecto EDIXGAL.

A misión do CEIP Plurilingüe Quintela centrase na *formación integral dos nenos e nenas para que sexan capaces de desenvolver a súa autonomía e creatividade para un pleno desenvolvemento humano baseado dende o respecto ás súas crenzas, poñendo o máximo empeño no cultivo de valores humanos e na creación de hábitos de estudo, traballo e convivencia para unha excelente formación académica e persoal, acorde ás demandas da nosa sociedade actual.*

En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna.

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

A contribución do Plan Dixital ao PE e á PXA debemos velo desde a perspectiva de como pode reforzar este plan o uso adecuado das novas tecnoloxías en toda a comunidade educativa.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 04.05.06) no seu texto consolidado tras a aprobación da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE 30.12.20), no artigo sesenta e dous. Modifícanse os apartados 1 e 2, engádense dous novos apartados 2 bis e 2 ter e suprímense os apartados 7 e 8 do artigo 121, quedando redactados nos seguintes termos: «1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos. O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

Pola súa bando a **RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.**

(DOG. 30.06.2021), recolle na disposición adicional quinta a elaboración do Plan dixital de centro.

Disposición adicional quinta. Plan dixital de centro

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Polo tanto e responsabilidade das Administracións educativas na formación permanente do profesorado, a planificación dunha oferta diversificada de actividades formativas. Esta normativa pretende que se desenvolva tanto a competencia dixital do alumnado como a competencia dixital docente. Se parte, para iso dunha concepción da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Esta idea do desenvolvemento da competencia dixital, non só se centra no uso de dispositivos e aplicacións, senón desde unha concepción máis ampla como a que a normativa reflicte, sendo o mundo dixital para docentes e alumnos, un novo hábitat no que a infancia e a mocidade viven cada vez máis: nel aprenden, relaciónanse, consumen, gozan do seu tempo libre.

Entre os principios pedagóxicos da normativa destácase que debe traballarse a competencia dixital, ao mesmo nivel que outras áreas ou destrezas.

Á súa vez, a formación do profesorado debe ter un compoñente específico de competencia dixital docente, sendo as Comunidades Autónomas as encargadas da formación inicial e permanente do profesorado e de facilitar o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

1.4. Proceso de elaboración

No artigo cuarto da **Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional**, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, recolle que:

Cuarto. Coordinación do Plan Dixital

1. O obxectivo final da posta en marcha do Plan Dixital é mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado -tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes. Para tal fin a dirección, en desenvolvemento da súa autonomía e en función das características e tipoloxía do centro, establecerá un equipo de dinamización do Plan Dixital e nomeará aos seus membros.

2. O equipo de dinamización do Plan Dixital estará formado pola persoa titular da dirección do centro, ou membro do equipo de dirección na que delegue, outro membro do claustro que actuará como coordinador e no seu caso as persoas que se designen a tal efecto.

3. Os centros que impartan ensinanzas de réxime xeral con menos de oito unidades e os centros que impartan exclusivamente ensinanzas de réxime especial ou de adultos con menos de oito docentes, poderán non conformar o equipo de dinamización do Plan Dixital. Neste caso, as funcións recollidas no punto 4 deste artigo serán asumidas por un membro do equipo directivo.

4. A persoa coordinadora do equipo de dinamización do Plan Dixital terá as seguintes funcións:

- a) Colaborar co equipo directivo no deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital
- b) Coordinar o equipo de dinamización do Plan Dixital.
- c) Dirixir e organizar o proceso de autoavaliación coa ferramenta SELFIE (desde o rexistro na plataforma ata a recollida de resultados e o diálogo dentro da comunidade educativa sobre os mesmos).
- d) Asesorar aos membros da comunidade educativa no desenvolvemento da ferramenta SELFIE e no deseño do Plan Dixital.
- e) Deseñar e redactar, xunto co profesorado participante no equipo, o Plan Dixital.
- f) Dinamizar o proceso de transformación dixital - dixitalización do centro educativo.
- g) Avaliar os procesos postos en marcha, a súa repercusión e a adaptación das actuacións previstas se fose preciso.
- h) Todas as funcións que fosen necesarias para o correcto desenvolvemento do deseño e aplicación do Plan Dixital.

A comisión para a elaboración do Plan Dixital está composta por José Luis Cid Cid (coordinador) e Beatriz Freire Cabaleiro (coordinadora Plan Dixital)

O proceso de elaboración consta dos seguintes pasos a seguir:

1. Realizar a análise da situación do centro A análise da situación do centros realizarase a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.

a) **Informe SELFIE.** Para a diagnose da situación en relación a competencia dixital, o centro usará a ferramenta de autoavaliación SELFIE, coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro (informe SELFIE). Esta ferramenta, desenvolta pola Comisión Europea ao abeiro do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), está dispoñible de forma gratuíta para todos os centros educativos no sitio web indicado no punto.

b) **Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD).** De xeito complementario, o profesorado poderá realizar o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal. Este test permite obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1- C2), polas áreas deste Marco e devolve un detallado feedback. Así mesmo, xera un Informe de Centro, sempre que máis do 20% do profesorado do centro o teña completado, a fin de mostrar resultados que sexan representativos.

2. **Realizar a diagnose de situación do centro.**

a) A partir do Informe SELFIE, o centro poderá xerar un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que lle permitirá a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

b) O Informe Individual do test CDD permitirá ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada

docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.

3. Pautas para a elaboración do Plan Dixital. O Plan Dixital realizarase en base a información recollida do informe de análise da situación do centro e de acordo coa estrutura que se recolle no anexo.

4. Temporalización

4.1 Durante o primeiro trimestre do curso 2021-2022, o centro deberá realizar a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD, para poder iniciar a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

4.2. No último trimestre do curso 2021-2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o claustro. No seu caso, o Plan Dixital será aprobado pola dirección do centro unha vez oído o claustro e será elevado como informe ao Consello Social. O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital conforme a proceso indicado no apartado anterior.

4.3. No curso 2022-2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
Curso 2021/2022	Constitución comisión Plan Dixital. Elaboración SELFIE. Cubrir SELFIE.	Cubrir CDD. Análise do SELFIE e CDD. Elaboración DAFO.	Deseño do Plan de Acción. Elaboración do Plan Dixital de Centro. Aprobación Consello Escolar (29/06/2022).

<p>Curso 2022/2023</p>	<p>Posta en práctica do Plan Dixital de Centro. Realización do SELFIE e do CDD. Avaliación ao final do 1º trimestre.</p>	<p>Avaliación ao final do 2º trimestre.</p>	<p>Avaliación ao final do 3º trimestre. Introducción de mellora para o curso escolar 2023/2024.</p>
--	--	---	---

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP Plurilingüe Quintela consta dun so edificio, que conta coas seguintes dependencias e están dotados do seguinte equipamento dixital.

- 9 aulas para a docencia, unha para cada un dos niveis educativos. Tres delas na etapa de Educación Infantil (4º, 5º e 6º de Ed. Infantil) e 6 na etapa de Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria). Tódalas titorías contan con canon dixital e con ordenador.
- 1 aula de informática con 10 ordenadores (10 PCs)
- 1 aula de Pedagogía Terapéutica (1 PC)
- 1 aula de Audición e Linguaxe (1 portátil)
- 1 aula Departamento de Orientación (1 portátil)
- 1 biblioteca escolar (1 PC e 1 portátil)
- 1 despacho para dirección e secretaría (2 PCs)
- 1 despacho para Xefatura de Estudos (1 portátil)
- 1 sala de mestres con 2 ordenadores (2 Pcs)
- 1 aula de música (sen ordenadores nin proxector)
- 1 sala de usos múltiples (1 proxector)

Todos os ordenadores están conectados en rede o que permite á hora de imprimir centralizar a función en tres fotocopiadoras (2 Kónica Minolta bizhub e unha Ricoh)

- **Portátiles:** Na actualidade o centro conta con 5 portátiles.
- **Proxectores:** existen na actualidade no centro 10 proxectores (9 nas titorías e 1 na sala de usos múltiples)

- **PDI:** O centro dispón de 5 tableiros dixitais (en dúas de infantil, 5º e 6º de primaria e na biblioteca).
- **Tabletas:** na actualidade hay no centro 18 tablets.
- **Conexión Wifi.** O colexio dispón de conexión Wifi, con varios puntos de conexión, o ancho de banda do centro ten unha velocidade de 574.8Mbps de subida e 951.4 Mbps de baixada.

O colexio dispón de páxina Web <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquintela/> que é donde están aloxados os contidos e a información de moitas das actividades que se realizan no centro.

O centro ten creadas aulas virtuais para cada un dos cursos e tamén a través da aula virtual se teñen realizado cursos de formación por parte do profesorado. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquintela/aulavirtual/>

A xestión académica realizase a través de XADE para a xestión integral do centro. Utilízase o correo corporativo para as comunicacións internas do centro e para comunicarnos con outras institucións. Para comunicacións cortas coas familias ou notas informativas emprégase o Abalar móbil.

Como aspectos a mellorar, destacar: substituír os equipos informáticos máis obsoletos (4 Pcs e 2 portátiles) e tratar de dotar de pizarras dixitais aquelas aulas que carecen nestes momentos delas e colocar retroproectores nas aulas que o necesiten (aula música). Mellorar os altosfalantes da radioescolar dalgunhas das aulas.

Soporte e Mantemento.

O soporte, mantemento e actualización dos equipos informáticos corre a cargo do coordinador TIC do centro. A intervención faise a demanda segundo as necesidades do momento. Existen diferentes problemas nos que se require a prestación de servizos externos.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	--				

B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3			
	Profesorado	2,3			
	Alumnado	4,1			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7			
	Profesorado	2,8			
	Alumnado	4,1			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8			
	Profesorado	2,5			
	Alumnado	--			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,3			
	Profesorado	3,6			
	Alumnado	--			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5			
	Profesorado	2,8			
	Alumnado	3,4			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,8			
	Profesorado	2,4			
	Alumnado	--			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6			
	Profesorado	3,1			
	Alumnado	3,8			

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>10</u>	<u>10</u>	<u>100</u>
PROVISIONAL			
INTERINO	<u>5</u>	<u>5</u>	<u>100</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
61,7	Explorador (A2)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	59,8	Explorador (A2)	68,2	Integrador (B1)
Pri	68,5	Integrador (B1)	77	Integrador (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>6,3%</u>
A2	<u>10</u>	<u>62,5%</u>
B1	<u>2</u>	<u>12,5%</u>
B2	<u>3</u>	<u>18,8%</u>

C1		
C2		
TOTAL	16	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - O centro conta con suficientes dispositivos dixitais. - O acceso a internet mellorou moito nos últimos anos. - Asistencia técnica. 	<ul style="list-style-type: none"> - Equipamentos obsoletos con moita antigüidade. - Falta de fondos.
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Compromiso por parte do profesorado para mellorar as súas competencias 	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado ten un nivel de competencia de explorador. - Falta de tempo para o desenvolvemento de competencias - Pouca formación a nivel dixital. - Moita burocracia.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Capacidade de aprendizaxe e adaptación alta. - Comportamento responsable no uso das novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de habilidades dixitais. - Fora da escola contan con pouca axuda. - Na casa non sempre dispoñen dos dispositivos axeitados.
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Capacidade de aprendizaxe e adaptación alta. - Comportamento responsable no uso das novas tecnoloxías. 	<ul style="list-style-type: none"> - Pouca formación. - Falta de dispositivos axeitados. - Falta de estratexias para afrontar o uso inadecuado das novas tecnoloxías.
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - O centro oferta informática para o alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Actualización de contidos das novas tecnoloxías.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - O centro promove a participación en actividades formativas. - O centro emprega servizos corporativos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Demasiada burocracia. - Falta de tempo para implementar máis estratexias dixitais.
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS

CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Recursos e plans relacionadas coas novas tecnoloxías. - Oferta de formación específica.	- Demasiada burocracia e papeleo. - Falta de fondos para implementación de plans máis axilmente.
	LEXISLACIÓN	- Regulación específica	- Demasiada burocracia e papeleo. - Falta de fondos para implementación de plans máis axilmente.
	CONTORNA	- Promocionar o uso das novas tecnoloxías.	- Pouca promoción e falta de sintetización. - Lexislación demasiado densa.
	ANPA	- Apoio con actividades no ámbito extraescolar. - Promoción escola de pais/nais.	- Non ofertar as actividades axeitadas. - Non contar con recursos suficientes.
	OUTRAS ENTIDADES	- Aproveitar actividades e recursos ofertados	- Actividades que soen implicar unha aportación económica. - Falta de orzamento.

3. Plan de Acción

As liñas estratéxicas para a configuración do Plan de Acción do CEIP Plurilingüe Quintela (Plan Dixital) están centradas nos seguintes elementos:

1. Liderado.
2. Colaboración en rede.
3. Infraestrutura e equipamentos.
4. Desenvolvemento profesional continua.
5. Pedagogía: apoio e recursos.
6. Pedagogía: implementación na aula.
7. Prácticas na avaliación.
8. Competencias dixitais do alumnado.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

“Área/s de mellora”: Liderado							
1. OBXECTIVO (1):	Establecer un equipo de profesores/as (EPD) para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital de centro (PDC).					Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de persoas implicadas no EPD.						
Valor de partida (3)	Equipo directivo e coordinador TIC/Equipo TICs						
Valor previsto e data (4)	90% do claustro de profesores/as.				Setembro-Outubro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
A01.1: Reunión do claustro para explicar a importancia do PDC	Dirección	1ª semana de setembro	Convocatoria Claustro. Normativa		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.2: Animar ao profesorado a colaborar e contribuir no desenvolvemento do PDC.	Dirección e Coordinación TIC	Setembro	Equipo directivo e Coordinación TIC		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.3: Realizar por parte do profesorado formación sobre modalidades de ensino dixital, recursos dixitais..., a través de PFPP, CAFI, aulas virtuais.	Claustro	1º trimestre	Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A01.4: Realización do Test CDD para comprobar se houbo	Claustro	Xuño	Fprofe e Test CDD				

mellora na competencia dixital do profesorado tras a realización do PFPP.						
---	--	--	--	--	--	--

“Área/s de mellora”: Liderado						
2. OBXECTIVO (1):		Dispoñer de tempo para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital, que serán, previamente, difundidas entre o Claustro.			Acadado	
RESPONSABLE:		Dirección do centro.			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		O Claustro dispón de tempo, durante a xornada dos martes pola tarde, para explorar novas modalidades de ensino no ámbito dixital.				
Valor de partida (3)		Non hai tempos adicados á exploración de novas modalidades de ensino dentro da xornada.				
Valor previsto e data (4)		Contar con alomenos unha hora cada mes para este fin.		Dende inicio de curso.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Dedicar un tempo mensual á exploración e reflexión conxunta, na “tarde dos martes”	Equipo directivo/Equipo TICs	Fin terceiro trimestre	Convocatoria Claustro. Normativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo						
3. OBXECTIVO (1):	Acreditar unha competencia dixital dentro do claustro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo. Coordinador do PFPP (en colaboración co CFR).				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nivel do profesorado.					
Valor de partida (3)	Nivel do profesorado baseado no Test CDD do curso 21-22.					
Valor previsto e data (4)	Nivel do profesorado ao rematar o curso académico 22-23.			Maio		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Reunión inicial do claustro e Equipo Directivo para a detección de necesidades en relación a competencia dixital docente.	Equipo directivo	Setembro	Espazo para a reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Prescrición nunha liña de PFPP axeitada ás necesidades do profesorado.	Equipo directivo. Coordinación do PFPP	Outubro	Fprofe e formularios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3:Inscripción oficial na liña do PFPP.	Equipo directivo. Coordinación do PFPP	Outubro	Fprofe e formularios		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Contacto co CFR para buscar relatores	Coordinación do PFPP	1º trimestre	Directorio do CFR			

que se adecúen ás necesidades detectadas.						
---	--	--	--	--	--	--

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo						
4. OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital do profesorado que acadou A2 no test CDD.				Acadado	
RESPONSABLE:	Membro de equipo directivo ou persoa na que delegue.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Resultado no test CDD (Competencia Dixital Docente). <i>Única ferramenta dispoñible actualmente.</i>					
Valor de partida (3)	62,5 % do profesorado con nivel A2.					
Valor previsto e data (4)	Máis do 75% do profesorado con nivel superior a A2.			30 de xuño de 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1: Formación a través do CFR ou CAFI presencial ou en liña, para a mellora da competencia dixital do profesorado.	Coordinación TIC		Materiais (PC, software...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Formación do profesorado a través dun PFPP establecendo unha liña de competencia dixital adaptada á tipoloxía do centro	Coordinación PFPP	3º trimestre.	- Persoal, en colaboración co CFR (relatores, ...).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Realización do test CDD por parte do profesorado.	Dirección	31 de maio de 2023	Materiais (PC, software...)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Colaboración e redes						
5. OBXECTIVO (1):	Reflexionar sobre o uso das novas tecnoloxías.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e coordinador/a TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	100% de participación do profesorado nas reunións das CCP.					
Valor de partida (3)	Participación nas reunións.					
Valor previsto e data (4)	100% participación do profesorado.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1: Realizar unha reunión mensual (CCP) a nivel claustro para falar das vantaxas e desvantaxas do uso das TIC no centro e as accións a seguir dende as titorías durante o curso.	Equipo directivo Coordinación TIC	Finais de setembro. Todos os meses do ano.	Espazo para a reunión. Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

6. OBXECTIVO (1):	Crear espazos de colaboración.			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Equipo TICs e Claustro			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que accede as Aulas Virtuais e materiais creados/compartidos.					
Valor de partida (3)	40% do profesorado accede as Aulas Virtuais e aos materiais creados/compartidos.					
Valor previsto e data (4)	70% do profesorado accede ás Aulas Virtuais e o 50% aos materiais creados/compartidos.			Xuño (final de curso)		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A06.1: Crear un espazo virtual para compartir materiais por áreas.	Equipo TIC.	Outubro	Aula virtual Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Explicar ao claustro o funcionamento do espazo.	Equipo TIC.	Outubro	Aula virtual Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Realizar unha aportación trimestral por nivel e área.	Claustro	Ao final de cada trimestre	Aula Virtual Moodle e webs para creación de material.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos						
7. OBXECTIVO (1):	Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TIC/ Equipo TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de dispositivos actualizados e/ou renovados					
Valor de partida (3)	Ningún dispositivo actualizado e/ou renovado					
Valor previsto e data (4)	30% dos dispositivos actualizados e/ou renovados			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A07.1: Inventariar e avaliar o estado do Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.	Coordinación		Claustro Parte de incidencias e estado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Actualizar e/ou propoñer renovación do equipamento dixital.	Coordinación	Fin de curso 22-23	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: apoio e recursos.						
8. OBXECTIVO (1):	Crear recursos dixitais para levar a cabo na práctica docente				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do centro / Equipo TICs/ claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos dixitais creados polo profesorado					
Valor de partida (3)	1 recursos dixitais creados por docentes					
Valor previsto e data (4)	4 recursos dixitais creados por docentes			Xuño (fin de curso)		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A08.1: Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de Educación Infantil.	Profesorado	2º e 3º trimestres	Conexión á internet Ordenador/-es		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Creación de recursos dixitais adaptados ao currículo de e Educación Primaria.	Profesorado	2º e 3º trimestres	Conexión á internet Ordenador/-es		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3: Subida á paxina web do colexio e aula virtual de recursos dixitais adaptados ao currículo Educación	Profesorado	2º e 3º trimestres	Conexión á internet Ordenador/-es		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Infantil.						
A08.4: Subida á paxina web do colexio e aula virtual de recursos dixitais adaptados ao currículo Educación Primaria.	Profesorado	2º e 3º trimestres	Conexión á internet Ordenador/-es			

“Área/s de mellora”: Pedagogía: apoios e recursos – Competencias dixitais do alumnado						
9. OBXECTIVO (1):	Promover o uso da Aula Virtual corporativa co alumnado nos cursos non E-dixgal				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo/Equipo TICs.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na Aula Virtual corporativa por docente.					
Valor de partida (3)	0 actividades realizadas co alumnado na aula Virtual corporativa por docente.					
Valor previsto e data (4)	10 actividades realizadas co alumnado na Aula Virtual corporativa por docente.			Final do terceiro trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A09.1: Solicitud de cursos de formación sobre AV corporativa destinado ao profesorado que o necesite.	Profesorado	Setembro, outubro e novembro	Solicitud e inscrición no curso de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A09.2: Creación dos cursos e matriculación do profesorado e alumnado na Aula Virtual	Administradoras da aula virtual.	Decembro	Ordenador con conexión á Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

corporativa. A09.3: Subida de actividades aos cursos correspondentes da Aula Virtual corporativa.	Profesorado	2º e 3º trimestres	Ordenador con conexión á Internet	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: implementación na aula - Competencias dixitais do alumnado						
10. OBXECTIVO (1):	Implementar un proxecto interdisciplinar por trimestre no que participe a totalidade do alumnado.			Acadado		
RESPONSABLE:	Persoa coordinador/a de plurilingüismo, da Biblioteca escolar do centro, coordinador/a do EDLG.			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Todas as aulas participan nos proxectos interdisciplinar anual.					
Valor de partida (3)	0 aulas participan nos proxecto interdisciplinar anual..					
Valor previsto e data (4)	Todas as aulas participan no proxecto interdisciplinar anual.			Final de curso 2023.		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A10.1: Acordo do proxecto anual e accións a desenvolver.	Persoa coordinadora de Plurilingüismo, Equipo de Biblioteca/ Coordinadora EDLG	1º quincena de setembro 2022	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A10.2: Difusión das actividades do proxecto	Persoas responsables na páxina web.	Actualización regular. Mínimo unha vez ao	Equipos informáticos. Web do Centro		Realizada	
					Aprazada	

na Páxina Web.		MES.			Pendente	
A10.3: Utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información	Persoas titoras de aula.	Ao final de cada trimestre.	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Prácticas na avaliación

11. OBXECTIVO (1):	Fomentar o uso de foros na aula virtual como instrumento de avaliación.	Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de áreas-cursos na aula virtual que implementan foros para expoñer e comentar o traballo do alumnado. Número de rúbricas para guiar ao alumnado na valoración do traballo dos das compañeiras		
Valor de partida (3)	2 áreas utilizan de xeito habitual os foros para expoñer e comentar o traballo do alumnado. Non existen rúbricas para guiar os comentarios nos foros entre o alumnado.		
Valor previsto e data (4)	A totalidade de áreas implementan foros de avaliación para o alumnado Todos os foros para comentarios de coavaliación expoñen a rúbrica-guia para o alumnado.	Xuño de 2023.	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A11.1: Preparación do alumnado en prácticas de coavaliación, mediante rúbricas para o alumnado.	Profesorado	15 de decembro	Equipamento informático. Aula virtual Moodle. Profesorado. Alumnado. Rúbricas para o alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A11.2: Introducción no deseño das rúbricas de avaliación de valoracións relacionadas cos comentarios do alumnado.	Profesorado	15 de febreiro	Aula virtual Moodle. Rúbricas para o profesorado.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: Competencias dixitais do alumnado					
12. OBXECTIVO (1):	Aumentar o acceso do alumnado a información fiable e precisa.			Acadado	
RESPONSABLE:	Titorías			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Creación de bancos de páxinas de referencia por ciclos.				
Valor de partida (3)	0 bancos de páxinas creados				
Valor previsto e data (4)	4 bancos de páxinas creados.			Xuño de 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A12.1: Reunión de profesorado para crear a estrutura do banco de recursos	Claustro.	30 setembro	Ordenadores ou tablets, espazo para reunirse, AV	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

A12.2: Inclusión de páxinas de referencia das diferentes temáticas.	Profesorado titor/a.	2º trimestre	Ordenadores, AV	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A12.3: Difusión do banco entre as diferentes aulas.	Profesorado titor/a.	3º trimestre	AV, dispositivos para o alumnado e o profesorado.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: Competencias dixitais do alumnado						
13. OBXECTIVO (1):	Concienciar ao alumnado da pegada dixital.				Acadado	
RESPONSABLE:	Titores.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de información obtida nunha búsqueda na rede de ata 10 datos persoais dun usuario.					
Valor de partida (3)	0 datos atopados sobre un usuario dado.					
Valor previsto e data (4)	10 datos atopados sobre un usuario dado.			Xuño de 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A13.1: Traballar e coñecer o funcionamento	Titores/as.	1º trimestre.	Equipo informático. Conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
do historial e Cokies. A13.2: Explicar os riscos de exposición de datos persoais nas redes sociais.	Titores/as.	2º trimestre.	Equipo informático. Conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A13.3: Búsqueda e seguimento da pegada dixital dun usuario.	Alumnado	3º trimestre	Perfil falso creado. Equipo informático. Conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Obxectivo.	Recursos
1º) Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro	<ul style="list-style-type: none"> • Substituír 4 PCs , centrados no traballo administrativo do colexio e docente. <ul style="list-style-type: none"> • 3 Pcs nas aulas de primaria • 1 Pcs de xefatura. • 2 portátiles • 5 pizarras dixitais. • Altosfalantes aulas
TOTAL:	<ul style="list-style-type: none"> • 4 ordenadores. • 5 pizarras dixitais • 4 altosfalantes

4. Avaliación do plan

Instrumentos de seguimento e diagnóstico do plan:

Para poder alcanzar os resultados propostos no Plan Dixital de Centro vaise levar a cabo unha avaliación continua que nos permitirá ver se os obxectivos expostos son os axeitados e se as medidas propostas son as correctas para lograr os obxectivos planificados podendo realizar as modificacións oportunas.

Valorarase o grao de implicación de cada un dos membros que compoñen a nosa Comunidade Educativa, así como a coordinación entre eles e o grao de aceptación das distintas propostas. Esta avaliación continua complementarase cunha avaliación final onde se valorarán os resultados obtidos, as posibles melloras, erros cometidos, necesidades e grao de satisfacción coa experiencia. Para todo iso, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

- a) Revisión dos obxectivos e actividades expostas.
- b) Avaliación das actividades propostas: diagnóstico inicial, desenvolvemento e conclusións.
- c) Reunión de seguimento cos axentes implicados.
- d) Memoria anual do Plan Dixital de Centro.

O seguimento e avaliación de plan está vinculada ao traballo de tres equipos:

- Equipo TIC
- Comisión de Coordinación Pedagóxica
- Equipo Directivo.

O plan revisarase 1 vez ao ano polo equipo TIC, que elaborará un informe para a memoria final e propoñerá os cambios que considere oportunos.

Instrumentos de seguimento e diagnóstico do plan: Instrumentos de diagnóstico estandarizados a utilizar.

Para avaliar a eficacia do plan utilizaremos os indicadores de avaliación incluídos en cada unha das accións tendo en conta o diagnóstico inicial realizado despois das probas SELFIE e CDD.

Nos prazos correspondentes utilizaranse sistemas propios para realizar o diagnóstico da competencia dixital docente (CDD), así como a ferramenta SELFIE.

5. Difusión do plan

Revisión e modificación.

O presente Plan Dixital de Centro é de obrigado cumprimento por parte de todos os membros da comunidade escolar deste centro. Realizaranse as revisións periódicas que se consideren oportunas para adaptalo as novas circunstancias ou a modificacións legislativas. Estará sempre supeditado á lexislación vixente e terá unha vixencia anual, sendo susceptible de perfeccionamento ou mellora que o constitúan ou concorran algunhas das seguintes causas:

- *Cambio de normativa legal na que se fundamenta.*

Publicación e divulgación.

O CEIP Plurilingüe Quintela publicará e divulgará este documento por diferentes medios a toda a comunidade educativa.

O Equipo Directivo será o encargado de difundilo polas seguintes canles:

- Depósito de copias na Dirección e Secretaría a disposición de calquera interesado/a que forme parte da comunidade educativa ou outros organismos, segundo o criterio da Dirección do centro.

- Publicación na páxina web do centro.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipquintela/>

O presente Plan Dixital de Centro do CEIP Plurilingüe Quintela para o curso académico 2021/2022, foi presentado ao Claustro e Consello Escolar do CEIP Plurilingüe Quintela na reunión que **se celebrou o día 29 de xuño do 2022**, do que como Secretaria dou fe.

Visto e Prace

A Secretaria

O director:

Asdo.: José Luis Cid Cid

Asdo.: Beatriz Freire Cabaleiro

Quintela, 29 de xuño de 2022